

Casares e a literatura, tamén, para as persoas máis novas

Pilar Sampedro
Vicepresidenta de GALIX

O primeiro que debo confesar de Casares, é que para min como lectora a secas, é o autor de *Un polbo xigante*, o libro ao que hei volver unha e outra vez e seguir disfrutando como na primeira lectura, unha historia coas doses equilibradas de realismo máxico e narración oral, coa sabia mestura de contido e continente, verbas e imaxes. Unha obra que me toca nun punto inexacto do imaxinario mariño e na relación entre adultos e pequenos cos tacos e os insultos como só os sabían dicir determinadas mulleres dunha época, cos lapotiños que ías recibindo co mesmo agarimo con que chos daban, simplemente para asegurar unha frase. Ese trato, ao que me estou a referir, entre a vella criada e o neno da casa está contado, para o meu gusto, de maneira maxistral, e non me importa se non é *vero...* porque é moi *ben trovato*; hai unha realidade poética que ás veces pódelle á das estatísticas e que a algunhas de nós nos semella prodixiosa. Ese é, polo tanto un relato maravilloso para a mocidade, que nos vai remitir ao realismo “apelidado” doutras latitudes polas que seguir navegando. Fóra de colección, *Un polbo xigante*, cítase que foi posible grazas á iniciativa e colaboración da asociación AIAN, no ano 2000.



i apareceu cunha galiña pintada de roxo.
Cando lla viron os gardas, queríanlha malar.
¡Sí o viras escapar
ca súa galiña debaixo do brazo
e berrando: "Pra gustos se fixeron colores"!

Agora
o Manolito Listón di



Ilustracións de A Galiña azul

Máis alá deste antollo, está o Casares ao que quero referirme, o editor, tradutor e, sobre todo, autor que ten os ollos postos tamén nos mais novos.

A influencia de Ramón Piñeiro, o aprendiz das Irmandade da Fala e a Xeración Nós, o seu coñecemento do que se está a facer no mundo e as necesidades que aquí tiñamos, levouno a ser o editor de Galaxia. Alí, poñendo unha especial atención nas primeiras idades, foi autor dunha obra memorable e traduciu *O Principiño* de Antoine de Saint-Exupéry e *Os escaravellos voan á tardiña* de María Gripe para a mocidade.

Con Casares asistimos á recuperación ou rexurdimento desta literatura, el gaña o Primeiro Premio do Concurso Nacional de Contos Infantís O Facho no ano 1968 con *A galiña azul*. Aí está o seu libro, na primeira convocatoria do premio, cun conto que ninguén deixou de ler por aque-

les anos e que aí continúa dicindo a súa verdade, dirixindo a súa protesta contra a uniformización, rindo da opresión e facendo unha dedicatoria que fala do que hai que falar, cando se dirixe á nai da rapaza dicíndolle "Que non se esqueza nunca de que é galega" e continúa xa falándolle á nena: "Eu non sei se te decatas de que es galega, Ana, nin sei siquera se sabes ben que é Galicia ou como é (...) Mentres non voltas, mándoche estes contos, escritos na túa lingua, para que ó escoitar estas palabras poidas lembrar aquelas outras ditas por aquela campesiña (...)". Escribir para xunguir á Terra. Un conto produto dos tempos de ditadura, cunha galiña azul que campa polo galiñeiro de Lorenzo, poñendo ovos de cores e dicindo cocorocó en vez de cacaracá; pero que o alcalde Manolito Listón, non está disposto a consentir "por non ser como é debido". Por este motivo, todos os veciños artellan unha solución pintando todas as galiñas de azul, aínda que Leoncio (o tolo) se confunde e pinta a súa de vermello; mentres escapa da persecución -con ela debaixo do brazo- berra "Para gustos se fixeron colores"; as

anunciou o seu último invento:
a bomba da felicidade.

A xente decía:


¡Qué será eso da bomba da felicidade!

Pois según o Leoncio
a bomba da felicidade inventóuna unha noite que
durmíu nun portal



autoridades agardan que chova para descubrir a verdadeira galiña azul, pero, por agora... quenta o sol. Acompañan a este conto “A formiga esquiadora” na que se explica a historia dunha formiga valente que non se dá por vencida e, a pesar de ter unha pata rota, loita por levar a súa pedriña de azucre ata a mor-

En 1973 convócase o Concurso Nacional de Teatro Infantil O Facho e resulta gañadora a súa obra *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Un divertimento, un *nonsense* marabilloso que leron e co que xogaron nenos e nenas dun tempo no que as obras de teatro dirixidas a eles eran moi escasas.



Ilustracións de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*

te. “O peixe da fonte do xardín”, no cal coñecemos a Leoncio, o tolo que bota discursos e fai inventos; cando o garda acusa a un neno traste da morte do peixe el explica o que veu, e asegura que foi un acto xeneroso por parte do peixe que sae do estanque para darlle de beber a un paxaro que viña morto de sede: unha vida por outra, unha historia de sacrificio que lembra *O espantallo amigo*. O outro conto, tamén protagonizado por Leoncio, “A bomba da felicidade”, describe un dos seus inventos: unha bomba da vida e da risa, en vez das bombas de morte que crean aqueles que semellan cordos. Historias un pouco tristes, polo menos algunha delas, que falan de abnegación, do valor da diferenza, das solucións alternativas, da reivindicación da loucura e o pacifismo.

Unha historia ambientada na aldea cos veciños como personaxes (conservan ese nome ao que se une “veciño da escopeta / gordo ou Toneladitas / desdentada / sabida, torto) e ao seu lado os dous protagonistas (Elías: pouco espabilado, bastante vago e despistado e Anxa: traballadora e decidida) acompañados polo ovo, a galiña Petra e o can Paulino. O sobrenatural entrando en escena a través das inmensas laranxas que nacen no limoeiro e das que saen moreas de cousas; o humor nos diálogos absurdos; a imaxinación facendo voar os zapatos e as escopetas ou dándolle voz a galiñas, laranxas e ovos; a confusión coa que cada un nomea as laranxas (limoeiros, bolas, tormelos, lambetadas, cereixas, cirolas,...) ou o poder dos contos para cascar un ovo, para abrir as fontes ou para falar



coas galiñas chocas. No escenario dunha aldea, cuns personaxes do rural, constrúe unha historia fantástica chea de humor que ilustra Seoane (nos decorados e figurinos) dándolle carta de identidade e valor. Esta obra de teatro, que se publica na editorial Galaxia en 1973, foi levada á escena no ano 2004 polo Centro Dramático Galego, converténdose na primeira peza infantil que representa o ente público. Un enredo surrealista.

Estamos, pois ante o primeiro autor debutante no certame de contos e de teatro, por iso non debe chamarnos a atención que tamén sexa o primeiro en crear unha serie galega, algo que agora nos semella tan natural, despois de todo o que fixeron os Bolechas acompañando os nenos galegos de varias xeracións. A súa creación foi o personaxe Toribio, que mantivo o protagonismo en varias entregas: *Este é Toribio*, *Toribio contra o profesor Smith*, *Toribio e o contador de contos*, *Toribio ten unha idea* e *Toribio revoluciona o tráfico*. Ilústraos Penélope Ares e preséntase Toribio coma un neno de oito anos que fai inventos, leva un Lapis das Cousas Imposibles no peto do pantalón e no seu cuarto atopamos a Ra dos Recados (que percorre a Terra), a Pantalla Universal Chismorrosa (para observar o que pasa no universo mundo), o Telebrazo Global Laserizado (para chegar a todas partes), o Lingú (Lingua Autónoma Universal Dixitalizada coa que pode falar en calquera lingua)...

Toribio é fillo dun publicista e unha profesora de música, amigo de Sara (que tamén inventa, pois dela é o Contador de Contos de Efecto Retardado) e mantén contacto co profesor Papafigovich de Moscú, co profesor Pardau de Lisboa e non lle queda máis remedio que estar atento ás tolerías do profesor Smith de Nova York. Con eses personaxes creáranse diferentes historias nas que Toribio ha de loitar contra Smith que co seu Lápis Ladrón debuxa os monumentos que pasan de calquera lugar do mundo a Manhattan e, para evitalo, Toribio ha de aplicar a Goma de Borrax Disparates que lle debe pedir ao profesor Pardau por medio da Rá dos Recados... ou para evitar que transforme o Contador de Contos con Efecto Retardado de forma malvada, contando só un mal conto, en vez de todos os que crean os rapaces e rapazas das diferentes partes do mundo, que choran desconsolados ante esa historia malvada. Os inventos duns e doutros e estas personaxes extraordinarias que andan a evitar o mal que outro provoca nunha loita sen fin na que cada un ha de facer sempre o seu papel plano e inmodificable. O lector ha de fidelizarse para seguir lendo as historias da serie, por iso se manteñen os personaxes e o esquema xeral da obra, dalgunha maneira tamén, porque o doutor Smith tentará facer maldades todo o tempo e os nosos amigos, xuntos cos profesores afíns, evitarano. Cómpre salientar que as ilustracións achegan máis información que a que se nos conta, pois a través delas sabemos que a Sara lle cheiran os pés polo xesto do rato que a observa, o pai de Toribio é máis pequeno que a nai e sobe a unha banqueta cando lle fan fotos para que non se note, Toribio é despistado e vai tropezando coas cousas que deixa fóra de lugar, os profes amigos teñen mascota pero Smith non, el só mira polo seu diñeiro... Unha serie para primeiros lectores, pois pertence á colección Árbore con ese subtítulo. Foron publicados nos anos 90 cando a colección estaba ó coidado de Antonio García Teijeiro, M^a Victoria Moreno, David Otero e Amparo Solla.

Entre outras obras de Carlos Casares para estas idades está *Loló anda en bicicleta*, publicado na colección Bambán de Galaxia & Editores asociados (unha agrupación de seis editores: asturianos, bascos, cataláns, galegos e valencianos que traballan colectivamente para conseguir unha maior difusión das obras dos seus creadores, pertencentes a culturas e linguas minorizadas, formando parte: Bromera, Elkar, La

Galera, Librs del Peixe, Tándem e Galaxia) para lectores a partir de seis anos. Con magníficas ilustracións de Manuel Uhía, realizadas a acuarela. O relato ten como protagonista a Lolo, quen con seis anos de idade érguese cedo unha mañá e decide preparar o almuerzo botando todo o que atopa a unha pota, os pais desgústanse polo estropicio e castíganos de maneira que os Reis en vez de traerlle a bicicleta que pedira só lle agasallan carbóns. O pai de Lolo anda en bicicleta dunha maneira horrible, atropela aos demais, cae... e os veciños cando o ven vir piden socorro e agáchanse. Lolo non entende como o pai, que o fai tan mal, poda conducila e el non. Decide aprender e faino na do pai, no garaxe e sen que lle vexan; as dificultades creadas pola cantidade de obstáculos que ha de salvar fai que mellore ostensiblemente; un bo día decide saír sen que lle vexan e seguir montando en bicicleta por riba dun muro que queda fóra do campo de visión dos pais, pero é descuberto cando ven a súa sombra na cociña. Marabillado o pai coa súa maneira de conducir o velocípede, dálle permiso para que en vez de correr polo alto do muro o poida facer polo camiño da horta. E ao día seguinte, Lolo agradecido érguese cedo e prepáralles un estupendo almuerzo: leite quente, marmelada, manteiga e zume de laranxa, pois moito madurara o rapaz neste tempo. “Aquel ano os Reis botáronlle a Lolo unha bicicleta”, así remata a historia, cun final feliz igual que o almuerzo compartido.

O can Rin e o lobo Crispín, é publicado na colección Árbore da editorial Galaxia en 1983, ilustrado polo arquitecto Pedro de Llano, sen que se lle recoñeza ningunha outra experiencia de poñer imaxes a unha historia, na literatura infantil galega. De novo son as personaxes da aldea e, unha vez máis, o portentoso agroma. Nesta ocasión, temos a historia dun can que fala, pero ademais é listo e valente. Cóntase o seu pasado... de cando andaba de pastor pola parte de Burgos e se fixera famoso por dicir as oracións en latín, de como foi regalado -por esta razón- ao bispo de Ourense e de como este llo ten que pasar ao abade de Beiro polas animaladas e pecados que comezou a dicir polas malas ensinanzas dun sancristán, de como fai favores a todos ata o punto de saír a buscar o médico de Amoedo para unha enferma no medio da noite e de como este se nega a ir polo medo ao lobo Crispín, e de como o can o convence despois dunha aposta na que mostra a súa forza. De camiño atopan ao lobo, o

médico está horrorizado, pero o can atácao, soltándoo só a cambio dunha promesa “que o día da festa de Beiro vaia á aldea á saída da misa e que diante de todo o mundo lamba unha ovella”, así o fixo! Polo medio, aparece a enferma que coa febre crese unha princesa chinesa, das que tamén o lobo escoitou falar e que ao final, cando ve o que este fai coa ovella afirma que lle dixeron que iso pasara unha vez en China, hai máis de vinte mil anos. Pode haber algo máis fantástico que a China no imaxinario do pasado, das súas mandarinas e das historias de Marco Polo? A fantasía en estado puro e campestre deste can Rin, o polbo xigante, o galo de Antioquía...



O galo de Antioquía publícase tamén na editorial Galaxia, fóra de colección, coa colaboración de Caixa Galicia e con ilustracións de Andrés Meixide. Unhas ilustracións nas que xoga coa simboloxía e as metáforas convertidas en imaxes, unhas representacións que asumen o prodixio tamén como algo normal e lle dan carta de naturalidade. Na presentación dunha das últimas edicións, o fillo de Casares, Hakan, fala do pai e do seu sentido do humor, o gusto polas situacións absurdas e surrealistas así como polas personaxes pintorescas entre as que se moven os curas, o seu aprecio polas virtudes de comprensión, tolerancia e a consideración da intolerancia como o gran mal, xerme do



Ilustración de O galo de Antioquía

fatalismo e da violencia. De todo isto temos no libro. Un home, ferreiro para máis sinais, que de súpeto pon ovos e nácenlle plumas nas costas. Asustado vai ver o párroco (un “disfrutón brutote” que se parece aos feligreses, que non cre de máis e cumpre co que os veciños agardan del), mais nun momento determinado este confía noutro crego, don Luís (definido coma unha flor de pitiminí, medio amariconado, fundamentalista e radical que ante o misterio aplícase como o tribunal da Inquisición: denunciando, detendo, torturando e executando). Aí comeza o desastre, o que era ex-

traordinario -pero podía convivir coa realidade convencional- pasa a ser condenable; don Luís faille unhas preguntas en latín e o ferreiro contesta sen dubidar (“que o Diluvio tivera lugar había catro mil setecentos anos, seis meses e quince días, e que Deus fixera o mundo o día 27 de xaneiro do ano cinco mil catrocentos sete antes de Cristo, ás tres e media da tarde, e que ese primeiro día fora frío e venteado, con moita chuva, ata que o Creador acabou a faena a eso das cinco, que entón saíu o sol”) descubríndose así que está posuído polo demo; os rezos e as dúas presadas de sal que ha tragar semellan non ser suficiente, pois o ferreiro segue a escoitar as campás da cidade asolagada de Antioquía baixo as augas da lagoa, e don Marcelino, que o acompaña, chega a velo convertido en galo que canta desde o campanario espertando as xentes que abren as fiestras e saen á rúa; catro días máis tarde é detido, torturado e executado na fogueira. De aí sae voando, convertido en galo, e a toda présa pois quere chegar a dar o *quiquiriquí* das doce no campanario de Antioquía.

Carlos Casares é un pioneiro de renome, tal como levamos visto, por participar e gañar os concuros


de Conto e Teatro do Facho, pola tradución de *O Principiño* coa que acadou un premio concedido pola propia fundación de Saint-Exupéry ou pola creación da primeira serie da literatura galega.

As súas pegadas: o marabilloso no cotián do mundo rural (porque posiblemente nas vilas teña desaparecido igual que os aparecidos despois da instalación da electricidade), a imaxinación sen contexto como no caso de Toribio, as historias esaxeradas ata rachar a realidade de forma silenciosa; a reivindicación da imaxinación, da loucura, da diferenza; o en-

frontamento ao poder polo lado da astucia... Unha oposición case inocente ou do que semella falto do intelixencia pero responde a un coñecemento de tempo longo; esa maneira de tocar o transmundo galego a base de imaxes e historias nas que nos recoñecemos... Tal vez, por todo isto, Casares foi tamén escollido como escritor homenaxeado nas Letras Galegas, para que a infancia puidera volver beber dos seus libros neste ano 2017, porque se para a literatura sen idade foi importante, para a dos pequenos foi imprescindible ao por os cimentos e os alicerces que posibilitaron o seu despegue. Xa andan polas escolas a galiña azul, Toribio, Leonardo, Lolo, o galo de Antioquia, Crispín e Rin entre a rapazada que agora lle pon voz e os recrea, tamén aproveitando as tecnoloxías e pantallas. E estas lévannos a outras, pois hai que lembrar, que algún deles xa aparecían no que debe ser o primeiro vinilo de historias gravadas en galego, *Contos galegos pra nenos*, alá polo 1979 editados en dous volumes, cunha selección de textos de Xosé Paz, unhas portadas ilustradas por Xosé Antonio Perozo e producidos por Suso Vaamonde, a través de firma Dial Limoeiro. Precursores, tamén eles, na utilización de novos soportes, e demostrando que as historias resisten sexa cal sexa a maneira de contalas, porque antes e agora seguimos a necesitalas para que a Terra siga xirando abalada polos sons da nosa lingua, unha lingua azul e branca que ten a súa propia maneira de cantar.



Ilustración da capa de *O galo de Antioquia*



Portada do vinilo
Contos Galegos pra nenos